

## NOTA INFORMATIVA Oferta Empleo Público 2013

O borrador de Oferta de Empleo Público para o ano 2013 presentado no día de onte ás centrais sindicais responde, principalmente, o obxectivo de cumprimento de déficit público; eliminando, con carácter xeral, a reposición de efectivos ou limitando a un 10 % naqueles sectores ou colectivos sinalados como prioritarios na Lei de Orzamentos do Estado. Nin unha cousa nin a outra, porcentaxe de reposición e definición de colectivos prioritarios, foron oxeto de tratamento en mesa de negociación algunha; estando agora condicionados por unha nova imposición do goberno do PP.

Ó mesmo tempo que isto acontece, hai que convivir coa realidade dos centros de traballo nos que, diante das necesidades reais de persoal, observamos cómo se acude á contratación de asistencias técnicas, privatizacións ou directamente se restrinxen ou suspenden os dereitos do persoal que queda nos centros de traballo.

Por outra banda, hai que suliñar a distribución das plazas de **oferta libre** contempladas no anexo I; onde, do total de 386 postos ofertados para ingreso de funcionarios, únicamente 20 corresponden ó grupo C1 (administrativos especialidade facenda pública) sendo as 368 restantes para distintos corpos e escalas dos grupos A1 (217) e A2 (149). Esta distribución demostra claramente o modelo de administración ó que nos encamiñamos e sobre que corpos e escalas recae o incremento de carga de traballo consecuencia da redución de efectivos.

Respecto da **promoción interna** incrementanse o número de postos a convocar, pasando dos 347 da oferta do 2012 ós 449 propostos para este ano. Seguindo coa liña suliñada no comentario anterior, o incremento proposto vai destinado na súa totalidade ós grupos A1 e A2, mantendo o número proposto para os grupos C1 (139) e C2 (100). As convocatorias de promoción acumularán os postos ofertados no 2012 conxuntamente cos do 2013.

Retírase do contido do Real Decreto de Oferta toda referencia ás limitacións impostas á mobilidade (provisión de postos nas súas diversas modalidades), o que non quere dicir que vaia dexar de habelas; polo que reclamamos a apertura dun proceso de negociación para a regulación dos distintos sistemas de provisión de postos e mobilidade dos empregados do sector da Administración do Estado.

Achegamos arquivo cos anexos de distribución de plazas.

Diante destas propostas, **dende a CIG manifestamos a nosa total disconformidade con este borrador de Oferta de Empleo** que, con toda probabilidade, sometaré a aprobación o Goberno este mesmo venres.

Galiza, 21 de abril de 2013.